

O emprego en Banco Sabadell

A política de emprego de Banco Sabadell non é merecente de premio ningún: non crea emprego, fustriga o seu cadro de persoal e incrementa a precaria situación dos ETT.

Analizando os balances anuais do banco, podemos comprobar que as magnitudes operativas de 2008 a 2009 se manteñen. Isto, traducido á linguaxe laboral, significa que **tivemos que desenvolver igual cantidade de traballo en 2008 que en 2009**. Aínda que o resultado económico non sexa o mesmo, o noso esforzo para intentar conseguilo, si.

En paralelo, de 2008 a 2009 reduciuse o cadro de persoal en máis de 600 persoas. De feito, Banco Sabadell non crea emprego desde hai anos. A consecuencia destes datos é evidente: se temos que desenvolver o mesmo volume de traballo con 600 persoas menos e cumprir uns obxectivos que as circunstancias actuais do mercado tornan case imposibles, o cadro de persoal está traballando moitas máis horas, non xa das que marca o convenio, senón das que a práctica bancaria instalou desde hai anos.

O binomio redución de custos/incremento de negocio implica que, amais da esixencia de extensión de xornada diaria, se traballe cunha presión que medra de máis en máis e chega indiscriminadamente desde todas as unidades de negocio.

Esta situación xa non é conxuntural, senón estrutural; e iso é así porque o banco, na súa persecución de tamaño, sempre acometeu en primeiro lugar as medidas de aforro de custo de persoal, pero investiu pouco e a destempo en optimizar a organización do traballo e os recursos e ferramentas. Inevitablemente, **todos estes feitos provocaron que o**

cadro de persoal acumule cansazo crónico e, o que é peor, falta de motivación e vinculación cos obxectivos marcados desde a alta dirección.

Hai un mes comunicáronnos unha nova medida de aforro de custos de persoal: deslocalizan parte das tarefas dos CAR á Arxentina a través do INDRA. Tamén, a primeira consecuencia será a perda de emprego do colectivo de empregados das ETT que viñan traballando nos CAR, algúns desde hai máis dun ano.

Banco Sabadell apenas realiza desde hai dous anos contratación temporal directa e acadou un acordo con varias ETT para contar cunha canteira de empregados aos que recorrer para cubrir as necesidades do Grupo sen incrementar cadro de persoal. O colectivo de empregados de ETT chega ao banco coa lexítima esperanza de acceder a un emprego fixo no Sabadell, pero o certo é que non teñen a máis mínima certeza dese resultado final.

En resumo, **a política de emprego do Sabadell non merece premio ningún: non responde a ningunha das necesidades das persoas que traballan no Grupo nin tampouco ás actuais da sociedade. Por unha banda, non crea emprego, por outra, fustriga ao seu cadro de persoal e, por último, incrementa a xa de seu precaria situación do emprego temporal.**

É certo que hai crise e que o sector está preocupado, pero tamén o é que unha política de emprego e de presión

irracional non será a que axude a soste
o proxecto Banco Sabadell.

Esiximos que, igual que dispón dunha Comisión “de nomeamentos e retribucións” exclusivamente para a alta dirección, cree **unha comisión que vele por unha aplicación razoable e regulada das políticas comerciais e que evite a esixencia incontrolada de campañas, asistencia a reunións, sesións formativas... que actualmente chega desde todas as direccións de negocio.** Doutra banda, **resulta imprescindible que incrementen o cadro de persoal co fin de reducir a situación de fustrigamento continuo que se produce.** Consideramos que a actual situación do mercado os levou a recorrer á contratación das ETT en vez da directa, pero o mínimo esixible **é que**

contraten todo o persoal necesario de ETT para cubrir baixas, vacacións e incrementos de produción. Ao tempo, co fin de paliar a precariedade destes empregados, débese acordar o establecemento de criterios e prazos para que se convertan en persoal fixo do Banco.

Esixímoslles aos xestores desta empresa que cumpran a súa misión con rigor e respecto á sociedade e ás persoas que traballamos no Banco Sabadell. Lembren que son os seus xestores, talvez temporais, non os nosos amos; e lembren tamén **que unha empresa debe ser xestionada cos traballadores NON CONTRA OS TRABALLADORES.**

Maio de 2010

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.